



Título: *Química experimental*
Autor: A Rodríguez López
Editorial: Difux, S L Santiago de Compostela, 1995
Núm. Pax.: 145
Tamaño: 23,6 x 17

A Química, como as outras ciencias da Natureza, non pode ser entendida sen algo que é totalmente intrínseco á mesma: a experimentación. Esta peculiaridade ven sendo reflectida en tódolos plans de estudio, inda que despois a realidade dos centros de ensinanza e maila programación destas disciplinas non se correspondan axeitadamente coas necesidades que unha correcta didáctica das mesmas implica.

Sen nos meter en discusións teórico-pedagóxicas (nas que, no parágrafo anterior, semellaba que iamos entrar), é incuestionable que a realización de experiencias de laboratorio é unha necesidade fundamental na didáctica dunha ciencia como é a Química. Por iso, dispoñer de bibliografía axeitada supón unha axuda inestimable para o profesorado desta disciplina. E neste senso, a obra que imos comentar cumpre, como mesmo desexa o autor no limiar, un baldeiro na bibliografía galega ó respecto.

Facer un libro de experiencias de química, inda sendo (como di A. Ro-

dríguez López) unha recompilación, non é, precisamente, un labor doado. Cadaquén téñ unhas ideas máis ou menos prefixadas do que debe se-lo traballo de laboratorio; prexuízos que normalmente veñen dados pola formación específica que se ten recibido nos estudos de licenciatura, ou mesmo por afeccións persoais. Sendo así, cada profesor de Química pode preferir determinadas experiencias que van mellor coa súa liña de traballo ou de formación. Inda así, a presentación dun conxunto axeitado de experiencias, representa sempre unha achega importante. Neste sentido, o libro de A. Rodríguez é particularmente interesante. En primeiro lugar, o autor fai unha recolleita de experiencias que abrangue practicamente o espectro desta disciplina, polo menos nos seus aspectos fundamentais (cada un pode botar de menos certas experiencias concretas, sen que por iso teña que lle poñer reparos o conxunto). En segundo lugar, as prácticas propostas están ben deseñadas, tanto no que atinxe o que vulgarmente chamamos receita, é

dicir, a explicación da práctica, como a propia presentación, ben coidada en canto a debuxos explicativos se refire.

Outro terceiro aspecto que podemos salienta é que, xunto con experiencias dabondo coñecidas, o autor nos presenta outras menos divulgadas. Tal pode se-lo caso da medida de potenciais relativos de electrodo (experiencia nº 30), a valoración conductométrica (nº 25), as de migración e mobilidade iónicas (números 36 e 37) ou a análise elemental orgánica (nº 48).

Ó desenvolvemento das prácticas corresponde o seguinte esquema: *“Cada experimento consta dun breve apunte teórico, a relación do material e reactivos necesarios, e a descrición da montaxe e desenvolvemento práctico, deixando a criterio do profesor a fixación de obxectivos concretos e a proposición de preguntas e cuestións”*.

En canto ó material proposto ó longo do libro, hai que sinalar que é sinxelo, sen que, polo tanto, poida presentar dificultades na realización dentro das posibilidades habituais nun centro de ensinanza media. O mesmo cómpre dicir dos reactivos.

Quizais a única chata que se lle pode poñer o libro é a falta dunha temporalización de cada experiencia. A valoración do tempo promedio que unha determinada práctica pode levar, é de axuda moi importante cando se pretende unha programación do labor experimental, tanto mais cando a duración real que se pode dedicar se atopa hoxe en día moi reducida. Inda así, o traballo de Álvaro Rodríguez non deixa de cubrir sobradamente os seus obxectivos e coido que ha ser ben recibido polo profesorado de Química no Bacharelato, pois méritos ten para iso.

Antonio Vidal González

